



Informe de legalidade sobre o proxecto de orde pola que se amplia a relación de materias optativas da educación secundaria obrigatoria e se establece o seu currículo.

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 20 de decembro, establece no seu artigo 34.7 que lle corresponde ás administracións educativas a ordenación das materias optativas. Así mesmo, o Real Decreto 217/2022, de 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, determina no seu artigo 8.4 que corresponde ás administracións educativas regular a oferta destas materias optativas para o terceiro curso, incluíndo, a lo menos, a materia de Cultura Clásica, unha materia para o desenvolvemento da competencia dixital e unha segunda lingua estranxeira.

A normativa vixente que regula a etapa de educación secundaria obrigatoria en Galicia é o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, determina no seu artigo 9.3 l) que as alumnas e os alumnos cursarán no terceiro curso unha materia optativa de entre as materias Cultura Clásica, Educación Dixital, Oratoria e Segunda Lingua Estranxeira.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Secretaría Xeral Técnica
Edificio Administrativo San Caetano, nº 2, baixo
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)



Do mesmo xeito, o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, determina no seu artigo 10.1 h) que as alumnas e os alumnos cursarán unha materia optativa, en función da oferta dos centros docentes, de entre as materias Cultura Clásica (se non foi cursada no terceiro curso), Filosofía, Oratoria (se non foi cursada no terceiro curso) ou unha materia de opción non cursada das enumeradas na letra g) do mesmo artigo 10.1.

Con posterioridade, determinouse a necesidade de modificar o dito decreto para poder ampliar a oferta de materias optativas tanto para o terceiro curso como para o cuarto curso e establecer o currículo das novas materias ofertadas.

2. Necesidade e oportunidade

Co actual desenvolvemento curricular en materia educativa, preséntaselle á nosa Comunidade Autónoma un importante desafío pero tamén unha grande oportunidade para acometer os cambios precisos de cara a que a estrutura curricular do sistema educativo galego se adapte aos requirimentos normativos estatais e, ao mesmo tempo, se sitúe un paso por diante das necesidades que demanda a nosa sociedade, presentes e futuras conforme ás directrices determinadas pola Unión Europea e pola UNESCO para a década 2020-2030. Dun lado, a Comisión Europea (CE) e a Rede Internacional de Educación Financeira (INFE) da OCDE, en cooperación cos Estados membros, traballan nun marco de competencia financeira conxunto UE/OCDE-INFE para nenas e nenos e mocidade, que se prevé estea finalizado no ano 2023, e que se diseña cunhas liñas similares ás do Marco de competencias financeiras para adultos na Unión Europea que foi publicado no ano 2022.

Por outra banda, a UNESCO desenvolve un importante esforzo na procura da introdución da intelixencia artificial no ámbito da educación, de cara a desenvolver prácticas de ensinanza e aprendizaxe innovadoras e acelerar o progreso na consecución do Obxectivo de Desenvolvemento Sostible 4, e na axuda aos estados membros para que lle saquen proveito ao potencial das tecnoloxías da intelixencia artificial con miras á consecución da Axenda de Educación 2030 e baixo os principios de inclusión e equidade.

O sistema educativo galego non pode permanecer alleo á importancia para a formación integral da mocidade galega nas competencias financeiras e no que respecta ao coñecemento e competencias nas tecnoloxías da intelixencia artificial, polo que pretende dar resposta a esta necesidade mediante a creación de novas materias que se oferten como optativas en distintos cursos da educación secundaria obrigatoria.

Esta ampliación da oferta realízase ao abeiro da disposición derradeira segunda do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, que faculta a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar as disposicións precisas no relativo á organización e materias propias do seu departamento, e ao desenvolvemento de dito decreto.

En consecuencia, o obxectivo desta orde é ampliar a oferta de materias optativas da educación secundaria obrigatoria, así como aprobar o currículo das materias de Cultura Financeira (para o terceiro curso) e a materia Intelixencia Artificial para a Sociedade (para o cuarto curso).





3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. Así, o presente proxecto de orde foi elaborado como anteproxecto pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Acordo do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de 8 de marzo de 2023, de inicio do procedemento de elaboración da norma.
- Texto do anteproxecto.
- Memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico de data 24 de maio de 2023

De acordo co artigo 41.2 da citada lei, o texto da proposta normativa expúxose publicamente na fase "Consultas abertas" da sección "Consulta pública previa" do Portal de Transparencia e Goberno Aberto durante o período comprendido entre o 10/03/2023 e o 24/03/2023., e se recibiu nese prazo unha achega/opinión a través do formulario dispoñible no propio portal.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de orde polo conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o 26 de maio de 2023, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

De conformidade co artigo 41.5 da mesma norma, consta certificado emitido o 1 de marzo de 2023 pola directora da Área de Administración dixital na Amtega, no que se dá conta de que no período comprendido entre o 29/05/2023 e o 16/06/2023 (en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno) se expuxo publicamente no portal de Transparencia e Goberno Aberto o texto íntegro do proxecto de orde, recibíndose unha achega/ suxestión.

Así, na tramitación do proxecto solicitouse informe á Secretaría Xeral da Igualdade e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, que se emitiron o 8 de xuño de 2023 e o 7 de xuño de 2023, respectivamente

En cumprimento do disposto no artigo 42.1 da Lei 16/2010, remitiuse ás demais consellerías da Xunta de Galicia o proxecto de orde para os efectos da emisión do informe que puidera esixir a lexislación vixente. Recibíronse observacións do Instituto de Estudos do Territorio.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Secretaría Xeral Técnica
Edificio Administrativo San Caetano, nº 2, baixo
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)



Inclúese no expediente certificado emitido pola secretaria da Mesa Sectorial Docente non Universitaria asinado o 22 de xuño de 2023, no que se fai constar que o proxecto de decreto foi tratado na sesión da Mesa Sectorial celebrada o día 23 de maio de 2023.

Constan tamén memorias da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, de datas 14 de xuño de 2023, 21 de xuño de 2023 e 3 de xullo de 2023, sobre os informes e ditames emitidos polos distintos órganos que con carácter preceptivo informaron o proxecto , sobre as alegacións do Instituto de Estudos do Territorio, sobre as achegas recibidas nos trámites de consulta pública previa e de exposición no Portal de Transparencia.

A Asesoría Xurídica Xeral emitiu informe o 8 de agosto de 2023.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, informo favorablemente o proxecto de orde polo que se amplía a relación de materias optativas da educación secundaria obrigatoria e se establece o seu currículo.

Santiago de Compostela, data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Manuel Vila López

